



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
27.06.2019

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo
DATA: 27.06.2019
HORA DE COMEZO: 12:05
HORA DE REMATE: 13:25

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Francisco Javier Casares Mouriño
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D. Daniel Barata Quintas
D. Cesar Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Mercedes Castro Mouzo
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D^a M^a do Carmen Fouces Díaz

NON ASISTEN

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D. Xoán Cebro Rodríguez
D. Óscar Moldes Pita
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a Rosa María Sánchez Gándara

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, 27 de xuño de 2019, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (04.06.2019).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Distribución das Bolsas-colaboración asignadas á UVigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o curso 2019/2020. Acordo que proceda.
5. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización do congreso internacional "XX Coloquio de historia da educación", promovido pola Facultade de Ciencias da Educación, do Campus de Ourense.

Propostas, acordos e informes da Comisión Económica (reunión do 19 de xuño de 2019).

6. Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente a 2018. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Aprobación, se procede.
7. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2018 e Informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).
8. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2018 e Informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
9. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2018 e Informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).
10. Informe e validación, se procede, do informe de auditoría operativa sobre "Procedemento nos gastos de proxectos internacionais de cooperación educativa".
11. Aprobación, se procede, da prórroga á empresa auditora Baker Tilly Fmac para realizar o informe de auditoría de contas da UVigo correspondente aos exercicios 2019 e 2020, consonte o expediente 325/17.
12. Outros acordos. Remanentes. Convenios.

Acordos e informes da Comisión Executiva (reunión do 28 de maio de 2019).

13. Pronunciamento sobre o proxecto de Decreto que determina os prezos públicos para o curso 2019/2020 pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades galegas.
14. Outros asuntos. Taxas, cursos e memorias finais.
15. Rogos e preguntas.

Asiste o director de Administración da UVigo, Rodrigo Cerviño, para informar sobre diversos puntos de contido económico. O presidente agrade a asistencia dos presentes.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (04.06.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia don Ernesto Pedrosa afirmando que a UVigo presenta ao Pleno unhas contas que amosan "estabilidade, eficiencia e determinación, que usa de xeito eficiente os recursos públicos". Avoga por afondar na cultura da transparencia vencellada á rendición de contas, e neste senso valora que se presente nesta sesión o primeiro informe de contabilidade analítica que se fai na institución "porque amosa unha actitude clara na boa dirección", e porque tratase dun sistema de Xestión que "garante a transparencia, a eficiencia e a responsabilidade" na Xestión dos recursos. Pide que se entenda este informe de contabilidade analítica como un paso a dar dende a ansia por mellorar, e non dende a desconfianza ou a fiscalización "inquisitorial". Remata manifestando que non se trata de que "todos sexamos expertos e viviamos, senón de que os engraxes estean á vista de todos para que se poida observar todo canto ocorre".

Fai unha referencia á importancia de ter unha universidade que non abandone o humanismo, formadora de valores e de cidadáns críticos, instruídos e solidarios, e neste senso destaca a celebración da primeira edición dun Seminario de pensamento contemporáneo auspiciado pola UVigo. No tocante á Conferencia de Consellos Sociais, informa de que se están a preparar dous estudos, un sobre a contribución socioeconómica do sistema universitario español, e outro sobre as reformas legislativas necesarias para favorecer a transferencia de resultados.

Alude finalmente á última reunión do Consello Galego de Universidades, no que se tratou sobre a posible implantación dunha universidade privada en Galicia, ratificándose na cerna da súa argumentación xa exposta durante as intervencións en anteriores sesións do pleno.

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Enfiando ca mesma temática, don Manuel Reigosa da conta de que no devandito Consello Galego garantiuse que ante a posible chegada dunha universidade privada a Galicia íase cumprir a lei escrupulosamente e que non se detraerían fondos públicos. O Reitor declarase satisfeito tamén polo compromiso de que todos os cidadáns terán acceso á documentación completa. Reafirmase na opinión de que se se cumpre a lei non haberá ningún inconveniente. Neste mesmo contexto explica a necesidade de reformular a relación actual co IESIDE e a denuncia do convenio existente –aprobada en Consello de Goberno e que pasará por unha próxima sesión do Consello Social- para poder iniciar o proceso de desadscripción, por razón de calendario e de estratexia. A este respecto dá lectura a un escrito no que xustifica a decisión pola "ruptura do entorno de confianza mutua e intereses comúns" que provoca a intención da Corporación Abanca de crear unha universidade privada, ademais do interese por manter dentro do catálogo da UVigo as ensinanzas de Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) e de Mestrado en Administración e Dirección de Empresas que actualmente se imparten no IESIDE. O Reitor declara que a obriga moral e legal de defender o público non impedirá cumprir o compromiso de que esta medida non afecte ao actual alumnado, que poderá continuar os estudos ata a súa conclusión nas condicións acordadas con anterioridade á denuncia.

Sobre este asunto ábrese unha rolda de intervencións. Don Javier Garrido cuestionase os motivos da quebra de confianza e pregúntase se a denuncia do convenio non comportará certa precipitación. Don Manuel González interésase polas consecuencias que terá a denuncia nos alumnos e nos futuros estudos das titulacións afectadas. O Reitor aclara que no Consello Galego de Universidades asegurouse de que a petición da universidade privada ía adiante, e que a denuncia do convenio debese facer coa suficiente antelación antes de que se implante para non incorrer nun problema legal e porque hai dúas titulacións que "temos que defender". E incide en que a UVigo debe recuperar e incorporar esas dúas titulacións antes de que formen parte da oferta dunha futura universidade privada. Don Xosé Manuel Atanes da os parabéns ao Consello de Goberno polo paso dado, se ben considera que os reitores deberían ser máis contundentes na defensa das universidades públicas e deixar que sexa a Conselleira de Educación quen vele polo cumprimento estrito da lei. O



Reitor resposta que se contempla algún pronunciamento, pero que en calquera caso "non temos ningún medo a competir porque a nosa oferta é moi boa". Don Emilio Zunzunegui agradece "a intelixencia e a dignidade" coas que está a actuar o Reitor neste asunto, pero reflexiona si as tres universidades públicas non deberían manifestarse sobre a inconveniencia dunha universidade privada para a oferta pública. Sintetiza o Reitor que en Galicia non é necesaria unha universidade privada pero a un procedemento administrativo que cumpre non cabe opoñerse. Razoza que sería unha boa noticia para Galicia si fose unha oferta moi potente, e insiste na importancia de que estean ben clarexadas as regras de xogo.

PUNTO 4

Distribución das Bolsas-colaboración asignadas á UVigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o curso 2019/2020. Acordo que proceda.

O secretario explica o proceso seguido, a documentación que se achega e a metodoloxía empregada na distribución que se somete a aprobación, previa delegación no presidente.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización do congreso internacional "XX Coloquio de historia da educación", promovido pola Facultade de Ciencias da Educación, do Campus de Ourense.

Da conta o presidente da incorporación deste punto á orde do día en atención á présa respecto da data de celebración, e para facilitar a organización. Valórase o contido e os obxectivos da iniciativa e propónse conceder unha axuda de 1.100 €.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 6

Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente a 2018. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Aprobación, se procede.

Intervén don Daniel Barata, Presidente da Comisión Económica, para introducir os puntos que seguen, que xa foron informados favorablemente na Comisión, e valora o traballo desenvolvido. O Vicerreitor de Economía presenta as contas afirmando que a evolución dos orzamentos da UVigo para o exercicio 2018 reflicten unha estabilidade suficiente para garantir a actividade da universidade, e a execución dos cobros ou pagos amosa a súa boa situación. E sinala dous aspectos como destacados neste exercicio: o incremento pola subida salarial e o incremento na consecución de axudas externas para á investigación. Na súa exposición refire o vicerreitor, entre outros aspectos, a suba dos ingresos un 7,92 % respecto da estimación inicial, a evolución dos ingresos e gastos no período 2014/2018, a comparativa por capítulos en ambos casos entre os exercicios 2018/2017, o ascenso das modificacións orzamentarias pola maior incorporación de remanentes dos proxectos de investigación, e o comportamento estable do apartado de incorporación de remanentes. Sinala finalmente que o resultado orzamentario do exercicio acada a cifra de -2.788.546,19 €, que ao engadirille os axustes acada a cifra de 3.146.479,82 €.

Don José M^a Martín subliña a importancia dos remanentes para o bo funcionamento, e resposta a unha pregunta de don Emilio Zunzunegui sobre o grao de dispoñibilidade que teñen, resposta o vicerreitor que se expón a procura de acordos coa Xunta para que se poida dispor deles a fin de atender necesidades.

O Reitor fai unha declaración de apoio ás contas e proclama que non debe haber dúbidas sobre a correcta execución orzamentaria. Oídas as explicacións e considerando a presentación dun informe de auditoría limpo e sen condicións, o Pleno ACORDA:

- ***Aprobar a liquidación do orzamento.***



Neste intre, tal e como adiantara o presidente na súa intervención, don Rodrigo Cerviño presenta o primeiro Informe de contabilidade analítica da UVigo, un Modelo de contabilidade de custos adaptado ás particularidades da UVigo para obter os informes de contabilidade analítica correspondentes ao curso académico 2016/2017, o que sitúa á UVigo entre as primeiras que o implantan en España, e na primeira en dispor de datos exactos e non estimados. Durante a súa exposición informa da dispoñibilidade do documento que queda a dispor dos interesados.

PUNTOS 7, 8 e 9

Aprobación, se procede, das contas anuais de 2018 e Informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).

Aprobación, se procede, das contas anuais de 2018 e Informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Aprobación, se procede, das contas anuais de 2018 e Informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI)

Informa o Director de Administración da UVigo das circunstancias máis destacadas que concorren en cada unha das sociedades e as súas respectivas casuísticas, subliñando que en todos os casos os informes de auditoría se presentan sen condicións, amosan unha situación estable e manteñen unha senda de mellora.

- ***O Pleno aproba os tres puntos por asentimento.***

PUNTO 10

Informe e validación, se procede, do informe de auditoría operativa sobre "Procedemento nos gastos de proxectos internacionais de cooperación educativa".

Explica don Rodrigo Cerviño o obxectivo e utilidade da auditoría, os resultados e debilidades detectadas, e as melloras a aplicar na sistematización do procedemento, sobre todo no que se refire á adecuación dun sistema de control informático que minore a elaboración de ficheiros de xeito manual.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da prórroga á empresa auditora Baker Tilly Fmac para realizar o informe de auditoría de contas da UVigo correspondente aos exercicios 2019 e 2020, consonte o expediente 325/17.

Consonte o establecido no procedemento e o recollido no contrato administrativo, e oído o pronunciamiento favorable a conceder a prórroga por parte da Xerencia e do equipo económico da UVigo, representado polo Vicerreitor de Economía e o Director de Administración, por estimar que a empresa auditora está a facer un bo traballo, o Pleno ACORDA:

- ***Dar a súa aprobación.***

PUNTO 12

Outros acordos. Remanentes. Convenios.

Neste punto faise mención expresa á incorporación de distintos remanentes, as causas que os motivan e as razóns que os xustifican, e que en todos os casos foron autorizados en Comisión. Tamén se da conta dos convenios asinados en maio pola UVigo.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***



PUNTOS 13

Pronunciamento sobre o proxecto de Decreto que determina os prezos públicos para o curso 2019/2020 pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades galegas.

Introduce don Ernesto Pedrosa este punto e as cuestión máis salientables recollidas no Decreto sobre o que se debe de informar, en cumprimento do artigo 75.3f) da Lei 6/2013 do SUG.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 14

Outros asuntos. Taxas, cursos e memorias finais.

Entregada a documentación que resume os asuntos tratados na Comisión, referidos á aprobación de taxas e memorias finais de cursos propios:

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:25 horas do 27 de xuño de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias